

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**9542** *Real decreto 923/2009, do 29 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1214/1997, do 18 de xullo, polo que se establece a organización do Centro de Investigacións Sociolóxicas.*

O réxime xurídico do Centro de Investigacións Sociolóxicas está regulado principalmente pola Lei 39/1995, do 19 de decembro, de organización do Centro de Investigacións Sociolóxicas, e polo Real decreto 1214/1997, do 18 de xullo, polo que se establece a súa organización, en desenvolvemento da dita lei.

A Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, establece, no artigo 24.6, que a condición de medio propio e servizo técnico das entidades que cumpran os criterios mencionados nese punto deberase recoñecer expresamente pola norma que as cree ou polos seus estatutos, que deberán determinar as entidades respecto das cales teñen esta condición e precisar o réxime das encomendas ou encargas que se lles poidan conferir ou as condicións en que se lles poderán adxudicar contratos, e determinará para elas a imposibilidade de participaren en licitacións públicas convocadas polos poderes adxudicadores dos cales sexan medios propios, sen prexuízo de que, cando non concorran ningún licitador, se lles poida encargar a execución da prestación obxecto destas.

Neste sentido, modifícase o Real decreto 1214/1997, do 18 de xullo, para incorporar as previsións da Lei de contratos do sector público, establecendo, entre as funcións que corresponden a este organismo, en cales actúa como medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos e outras entidades, aplicándolle, en tales casos, o réxime que prevé a mencionada lei para as encomendas ou encargas.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta primeira e ministra da Presidencia e da vicepresidenta segunda e ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 29 de maio de 2009,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1214/1997, do 18 de xullo, polo que se establece a organización do Centro de Investigacións Sociolóxicas.*

Un. Engádesse un número 3 ao artigo 1, co seguinte contido:

«3. O Centro de Investigacións Sociolóxicas terá a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos vinculados ou dependentes dela, para a realización das funcións recollidas nas alíneas a), c) e e) do artigo 3, cuxa execución será, en tales casos, de obrigado cumprimento. Dentro dese ámbito, non poderá participar nos procedementos para a adxudicación dos contratos que convoquen aqueles. Non obstante, cando non concorran ningún licitador, poderáselle encargar ao Centro de Investigacións Sociolóxicas a actividade obxecto de licitación pública.»

Dous. Suprímese o último inciso da alínea b) do artigo 3, «cando proceda, mediante a subscripción polo centro dos oportunos convenios de cooperación con elas».

Tres. O artigo 10, cuxo título pasa a ser «Convenios de colaboración», queda redactado da seguinte maneira:

«1. Á marxe dos supostos previstos no artigo 1.3, o Centro de Investigacións Sociolóxicas poderá subscribir convenios de colaboración con entes e organismos públicos, que serán subscritos polo presidente do centro e polos correspondentes

órganos da Administración xeral do Estado, autonómica ou local, así como de calquera entidade pública.

2. Os ditos convenios deberán especificar:

a) A identidade dos órganos que celebran o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b) A competencia que exerce cada Administración, no caso de que o convenio se subscriba entre diferentes administracións.

c) As actuacións que se acorde desenvolver para o seu cumprimento.

d) A necesidade ou non de establecer una organización para a súa xestión e o establecemento de mecanismos de seguimento do cumprimento dos compromisos.

e) De ser o caso, o réxime financeiro do convenio, a aplicación orzamentaria afectada e a forma de pagamento.

f) Prazo de vixencia e a súa posible prórroga, forma e prazos para a realización dos compromisos.

g) A extinción por causas distintas á prevista na alínea anterior, así como a forma de terminar as actuacións en curso para o suposto de extinción.»

Catro. Engádesse un artigo 10 bis co título «Réxime dos estudos ou traballos obxecto de encomenda» e co seguinte contido:

«1. As tarifas dos servizos prestados polo Centro de Investigacións Sociolóxicas na súa condición de medio propio e servizo técnico, que deberán cubrir o valor das prestacións encargadas e non ser superiores ao do custo efectivo do servizo, serán aprobadas por resolución do subsecretario da Presidencia. A compensación que proceda nos casos en que non exista tarifa establecerase, así mesmo, por resolución do subsecretario da Presidencia.

2. O pagamento efectuarase dunha soa vez, salvo que, polo contido dos referidos traballos ou estudos, se exixisen entregas parciais, caso en que os sucesivos pagamentos se axustarán ao ritmo das entregas.

O Centro de Investigacións Sociolóxicas adiantará, con cargo ás partidas que para tal efecto aparezan nos seus orzamentos, as cantidades necesarias para a elaboración dos traballos ou estudos obxecto da encomenda ou encarga.

3. Os estudos ou traballos serán propiedade do órgano que os encargase e, salvo estipulación en contrario, non ingresarán no banco de datos do Centro de Investigacións Sociolóxicas ata despois de transcorrido un ano contado desde o día da súa entrega.

Cando os estudos conteñan datos relativos a intención de voto ou a valoración de partidos e líderes políticos, o anterior entenderase sen prexuízo do establecido no artigo 9.

4. Para a realización dos estudos ou traballos a que se refiren os números anteriores deste artigo, o Centro de Investigacións Sociolóxicas utilizará a súa propia rede de campo e servizos, e poderá contratar o traballo ou parte del na forma, supostos e condicións establecidas na lexislación sobre contratación administrativa, garantindo sempre o cumprimento dos principios recollidos no artigo 2.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de maio de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ